

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria urxente do 14 de maio de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e catorce minutos do día catorce de maio de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(807).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(808).- CONTRATO MAIOR DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DE VIGO, ANO 2010. EXPTE. 7057/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 12.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Medio Ambiente, do

14.05.10, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar deserto o concurso público convocado baixo o expediente nº 6906/306.
- 2º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación do contrato maior do Servizo de Salvamento e Socorrismo nas praias de Vigo para o ano 2010.
- 3º.- A aprobación do expediente de contratación baixo o procedemento negociado con publicidade, dando por incorporados os informes e trámites seguidos no expediente de ref. 6906/306 declarado deserto.
- 4º.- Convocar, tralos trámites oportunos, á licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezanove de maio do ano dous mil dez.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dezaoto minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.